



O COTSG ALERTA NESTA VOLTA ÁS AULAS DA PROGRESIVA AMORTIZACIÓN DE PRAZAS NOS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

- O Colexio de Traballo Social apoia de maneira frontal todas as mobilización e reivindicacións que se están convocando na comunidade educativa, sempre pensando no benestar social das familias e crianzas que agora mesmo precisa dun apoio e esforzo superior por parte das administracións públicas.
- O COTSG alerta da progresiva amortización das prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos, actualmente existen catro, un por cada provincia, e só se conserva a praza de Traballo Social no equipo correspondente ao Equipo de Lugo

Nesta semana arrincou o curso escolar para moitas crianzas. É un inicio de curso marcado polas mobilizacións nos centros educativos contra os recortes anunciadas por diferentes sindicatos e ANPAS. O Colexio de Traballo Social apoia de maneira frontal todas estas mobilizacións e reivindicacións, sempre pensando no benestar social das familias e crianzas que agora mesmo precisa dun apoio e esforzo superior por parte das administracións públicas.

Este colexio profesional vén denunciando nos últimos tempos o perigo de desprotección social e a falta de garantía da inclusión social educativa no que incorre a Xunta de Galicia. Novo exemplo disto é a progresiva amortización das prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos, actualmente existen catro, un por cada provincia, e só se conserva a praza de Traballo Social no equipo correspondente ao Equipo de Lugo. Tal como indica a traballadora social que a ocupa actualmente: *“A lexislación, no Decreto de Orientación, contempla a figura do Traballador Social dentro da composición dos Equipos. Na actualidade, a única praza cuberta é a do Equipo de Lugo, no resto os EOE xa se amortizaron”*.

Os Equipos de Orientación Específicos son un apoio fundamental no asesoramento, na atención á diversidade persoal e sociocultural e no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención educativa dirixidas a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de situacións sociais, culturais e familiares desfavorables, polo que a falta dun profesional de referencia que ademais serve de ponte con sistemas tan importantes na protección social como Servizos Sociais, é dende logo unha moi mala nova.

Desde o COTSG trasladaron á Consellería que *“o traballo social é fundamental para mellorar as posibilidades de aprendizaxe do alumnado, reducir o efecto das desigualdades socioeconómicas entre o alumnado, diminuír o risco de fracaso e abandono escolar do alumnado máis desfavorecido, favorecer a integración do alumnado, mediar entre a familia e a escola, favorecer a participación das familias, abordar as situacións de conflito, orientar e asesorar ao profesorado e ao centro educativo achegando a perspectiva social”*. Ao fío disto engaden que *“é necesario continuar avanzando na presenza do traballo social nos centros educativos en conxunto cos equipos interdisciplinarios para posibilitar o traballo directo co alumnado, a familia e o profesorado”*.

A única traballadora social cuxa praza aínda non amortizaron nos EOE manifesta: *“Os EOE son moi necesarios como servizos máis especializados en determinados ámbitos, para axudar, colaborar e complementar a labor dos Departamentos de Orientación, o que redundará, sen lugar a dúbidas, na mellora da atención á diversidade nos centros educativos. A especificidade das problemáticas que se poden dar nos centros, a mellora da convivencia e do benestar, a detección e atención temperá e a labor mediadora entre familia-centro-outros servizos, os Equipos de Orientación Específicos teñen un papel importante na engrenaxe da orientación.*

Fernando Lacaci presidente da Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos – Confapa, engade: *“a evolución no sistema educativo debe ser obrigatoriamente evolución na atención, de non existir esta última, tampouco existirá detección”*. Sinala ademais: *“estamos ante unha xeración de crianzas que non tivo oportunidade de adaptación nos centros educativos debido a situación de pandemia, polo que se están a desencadear moitas problemáticas sociais engadidas as xa coñecidas, que por suposto precisas unha atención especial que non están tendo”*.

Poder detectar a tempo factores de risco que poidan derivar en situacións socioeducativas desfavorables, é esencial, máis no momento de incerteza económica e social que transitamos nestes intre, é dende logo, é urxente que as administracións públicas tomen acción.

Máis información: comunicacion@traballosocial.gal ou no 604 07 63 63